



**Engádesse unha disposición transitoria terceira ao Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que imparte ensinanzas distintas das universitarias.**

No próximo mes de xuño do ano 2021 prevese o comezo do desenvolvemento dos procedementos selectivos de ingreso e acceso a distintos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, convocados pola orde do 24 de febreiro de 2020, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 50 do 13 de marzo de 2020.

A situación epidemiolóxica actual motivada pola COVID-19 desaconsella a aplicación de medidas con repercusións negativas aos intereses daquelas persoas que por diversas circunstancias decidan non presentarse a estes procedementos selectivos.

Por esta razón, engádesse unha disposición transitoria terceira ao acordo do 20 de xuño de 1995, coa seguinte redacción:





"O persoal docente interino e substituto que presta servizos en calquera especialidade na Comunidade Autónoma de Galicia non estará obrigado a participar nos procedementos selectivos para ingreso nalgún corpo da función pública docente que se celebre no ano 2021".

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2021

*POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE*

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

*POR CC.OO*

José Manuel Fuentes Fariña

*POR ANPE*

Julio Díaz Escolante

*POR FeSP-UGT*

María Jesús Porto Rey

*POR CSIF*

José Carlos Fernández Balado

